

**Os socialistas da Zona Sur aproveitarán a oportunidade do 24M
“porque non queremos gobernar un edificio, queremos gobernar
para as persoas”**

O secretario Provincial afirma que, “somos os que podemos ofrecer un cambio seguro, pois contamos con vontade, ideas e grandes equipos para gobernar”

José Tomé Roca presentará publicamente a súa candidatura á alcaldía, o vindeiro xoves 16 de abril coa presenza do secretario Xeral dos socialistas galegos –José Ramón Gómez Besteiro-

O alcaldable afirma que “se abre unha nova etapa, somos o futuro fronte aun proxecto esgotado e un PP que ningunea a Monforte e que se olvida dos compromisos, que conta cunha candidata que só se preocupa, xunto coa do BNG, sobre quen ten o soldo máis grande. Nós niso non competimos”. “Apostamos por programa claro, cumprible, cun proxecto ben feito e cunha candidatura aprobada . Monforte necesita volver a medrar e ser un referente”, engadiu

O coordinador comarcal apuntou que “o goberno da Xunta está ignorando os veciños da comarca. Como obxectivos que nos marcamos é conseguir aumentar a representación socialista en todos os concellos co fin de acadar máis alcaldías, entre as que se inclúe Monforte, e así Ribas de Sil deixe de ser unha illa en toda a Zona”

Dos máis de 82 millóns de euros que a Xunta leva comprometidos dende 2010 ten pendentes de executar máis do 33%, é dicir, 27,4 millóns; o que supón que Feijóo adebeda a cada monfortino máis de 1.300 euros en investimento

MONFORTE DE LEMOS, 9 DE ABRIL DE 2015.- O secretario Provincial –Juan Carlos González Santín-, o deputado autonómico –Vicente Docasar, o coordinador comarcal –Roberto Castro-, o alcalde de Ribas de Sil –Miguel Ángel Sotuela-, o candidato á alcaldía de Monforte –José Tomé Roca-, acompañados doutros membros da candidatura socialista e portavoces do partido da Zona Sur da provincia, aproveitaron a recepción ao autobús electoral do PSOE, que percorrerá 25.000 quilómetros de socialismo por toda España, para manifestar que “non deixarán pasar a oportunidade das eleccións de maio, porque non queremos gobernar edificios, queremos gobernar para as persoas”. Neste senso, indicou Santín, “somos os que podemos ofrecer un cambio seguro, pois contamos con vontade, ideas e grandes equipos para gobernar”.

Do mesmo xeito, o alcaldable, quen anunciou que presentará publicamente a súa candidatura o vindeiro xoves 16 de abril nun acto no que participará tamén o Secretario Xeral dos socialistas de Galicia- José Ramón Gómez Besteiro-, destacou que “ábrese unha nova etapa, somos o futuro fronte aun proxecto esgotado e un PP que ningunea a Monforte e que se olvida dos compromisos e que conta cunha candidata que só se preocupa, xunto coa do BNG, sobre quen ten o soldo máis grande. Nós niso non competimos”. Tomé afirmou que “apostamos por programa claro, cumprible, cun proxecto ben feito e cunha candidatura aprobada. Monforte necesita volver a medrar e ser un referente, actualmente nin sequera o é nas festas patronais”,e engadiu “ata na luz podemos dicir que temos a Monforte apagado, somos nós os que vamos a intentar volverlle a dar luz, que alumen as farolas da economía, da xente, do benestar,.... poñeremos a Monforte no lugar que se merece”.

Ante a falla de compromiso do PP os socialistas “presentarán diante dos cidadáns unha candidatura que combina experiencia e preparación de compañeiros dispostos a gobernar con transparencia, con eficacia e con resultados, fuxindo do populismo e centrándonos na políticas que leven consigo o

desenvolvemento de Monforte”. “Que sabemos facelo non hai ningunha dúbida, porque foi o actual alcalde quen dixo publicamente que a mellor etapa do seu Goberno foi cando gobernou co PSOE”, engadiu Tomé Roca.

Tal e como apuntou o coordinador comarcal, “o goberno da Xunta está ignorando aos veciños da comarca. Nós marcámonos como obxectivos conseguir aumentar a representación socialista en todos os concellos co fin de acadar máis alcaldías, entre as que se inclúe Monforte, e así Ribas de Sil deixe de ser unha illa en toda a Zona”. “Creo que algunhas políticas que se levan a cabo nese concello gobernado por socialistas en materia educativa, sociocultural do que podían tomar algúns concellos do PP. Esperamos poder facer máis socialismos desde os concellos e preto do cidadán”, engadiu.

Abandono do PP

Os socialistas afirmaron que o Partido Popular nestes últimos anos deixou abandonados nestes últimos anos aos cidadáns de Monforte e desta parte da provincia. Proba diso é que, dos máis de 82 millóns de euros que a Xunta leva comprometidos dende 2010 –primeiro orzamento xestionado polo PP- ten pendentes de executar máis do 33%, é dicir, 27,4 millóns; o que supón que Feijóo adebeda a cada monfortino máis de 1.300 euros en investimento.

Estas cifras corresponden ao proxectos da Vía de Alta Capacidade, á Variante Leste e conexión do Porto Seco coa N-120, á conexión da plataforma loxística coa LU-546; ou como publicaron recentemente os medios de comunicación, á esquecida A-56. Proxectos esquecidos polo Goberno que baixou as partidas do Ministerio de Fomento para este ano na comarca un 25% con respecto a 2014.

O PP, Partido do NON

O PP de Monforte só se limita a “xustificar o inxustificable” no relativo aos recortes dos Gobernos do Estado e da Xunta. Nunca consegue nada, basea a súa actividade na oposición sistemática a todas as iniciativas dos demais Grupos, converténdose así o Partido Popular no Partido do NON. A única iniciativa que promove é a de potenciar festas, como se iso fose unha solución para Monforte porque sabe que non pode comprometer outra cousa, porque o Sr. Feijóo e o Sr. Rajoy danlle as costas a Monforte. Neste senso os socialistas critican que “a candidata do PP debería saber que Monforte necesita algo máis que festas para saír adiante”.

Unha boa mostra diso é a denegación do obradoiro de emprego, impedindo ás persoas desempregadas poder formarse e traballar durante un ano. Neste senso, os socialistas insistiron que “a Xunta de Feijoo está a poñer unha traba, a frear os proxectos de futuro dos desempregados e desempregadas, e a poñer á cidadanía de Monforte nunha posición de desvantaxe en relación a outros municipios que contan con Gobernos da mesma cor política”.

E temos outros casos graves, como a negativa da Consellería co Colexio Infanta Elena, a depuración de augas residuais.

Autobús

Deste xeito, Monforte foi a segunda cidade da provincia na que recalou o autobús que percorrerá 25.000 quilómetros de socialismo por toda España, logo de iniciar o seu traxecto o pasado luns na capital da provincia da man do candidato lucense –José López Orozco- e do líder dos socialistas galegos –José Ramón Gómez Besteiro-. A este respecto, indicou Santín: “é un motivo de orgullo recibir ao autobús de Pedro Sánchez, aínda que xa nos gustaría que fose o tren, pero aquí, en Monforte, o PP abandonou indiscriminadamente os proxectos ferroviarios e diminuíu os servizos existentes”. “Nós reclamamos un eixo ferroviario que vertebre Galicia. Apostamos polo tren que



NOTA DE PRENSA

supoña unha mellora no trazado, que aproxime Lugo a Ourense pasando por Monforte, que permita ofrecer un mellor servizo adaptado as necesidades dos viaxeiros e que favoreza a integración de toda a provincia no AVE”.